



Compostela
Cultura

VIAXES

CICLO DE LIED

Temporada de abono 2021-22

XOVES 28

OUTUBRO 2021

Auditorio de Galicia, 20.30 h

OS CAMIÑOS DO AMOR

Catherine Trottmann, soprano

Maciej Pikulski, piano



PROGRAMA

I

MAURICE RAVEL (1875-1937)

Mémoires Populaires Grecques

Le Réveil de la Mariée

Là-bas, vers l'église

Quel Galant!

Chanson des cueilleuses de lentisques

Tout gai!

Vocalise en forme de habanera

LEO DELIBES (1836-1891)

Les filles de Cadix

ERIC SATIE (1866-1925)

Grossienne núm. 3

Grossienne núm. 4

CLAUDE DEBUSSY (1862-1918)

Ariettes Oubliées

C'est l'extase langoureuse

Chevaux de bois

Green

Mandoline

II

ERNEST CHAUSSON (1855-1899)

Les temps des lilas

Le colibri

Chanson perpétuelle

ERIC SATIE (1866-1925)

Grossienne núm. 2

FRANCIS POULENC (1899-1963)

Banalités

Hôtel

Voyage à Paris

Sanglots

Les chemins de l'amour

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 45 minutos.

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Catherine Trottmann

Soprano

Nomeada na categoría Artista lírica revelación das Victoires de la Musique 2017 e Laureada HSBC 2017 do Festival de Aix, Catherine Trottmann no tardou en chamar a atención pola riqueza do seu timbre e a súa inversión escénica. Graduada no Conservatorio Nacional Superior de Música e Danza de París en 2014, rapidamente obtivo algúns dos papeis máis emblemáticos do repertorio.

A súa carreira levouna a cantar os personaxes de Rosina (*O barbeiro de Sevilla*) e Diane (*Ifixenia en Tauride*) no Théâtre des Champs Elysées e o Festival de Edimburgo, Cherubino (*As vodas de Figaro*) na Ópera National du Rhin, Stéphano (*Romeo e Xulieta*) na Ópera de Niza, Siebel (*Faust*) na Ópera de Saint-Etienne, Zerlina (*Don Giovanni*) na Ópera de Lausana, Flora (*La Traviata*) e Tisbé (*A Cincenta*) na prestixiosa Wiener Staatsoper, Hansel (*Hansel e Gretel*) na Ópera de Metz, Zaïda (*O turco en Italia*) na Ópera de

Dijon, o papel principal de *Tistou les Pouces verts* de Sauguet na Ópera de Rouen, ou Dersagrena en *Comala de Gade*. Tamén creou o personaxe de La Rose (*Le Petit Prince* de Michaël Levinas) na Ópera de Lausana, Lille, Xenebra e o Teatro del Châtelet.

En concerto, canta *La Demoiselle Elue* de Debussy coa Orquestra Nacional d'Ile de France na Philharmonie de Paris e *L'Enfant et les sortilèges* de Ravel na Salle Pleyel; xunto ao *Cercle de l'harmonie*, *O barbeiro de Sevilla* na Konzerthaus Dortmund e *Don Giovanni* no Musikfest Bremen; *Les Nuits d'été* de Berlioz coa Orquestra de Normandía, *O soño dunha noite de verán* de Mendelssohn coa Orquestra Nacional de Lyon e de Lorraine, o *Oratorio de Noël* de Saint-Saëns en Moscova coa New Russian Philharmonic Orchestra, *O rei David* de Honegger na Sala Pleyel e Notre-Dame de París, a *Misa en Do* de Beethoven na Ópera de Avignon, ou a estrea en Francia

de *Illusions perdues* de Leonid Desyatnikov co ballet do Teatro Bolshoi no Palais Garnier.

Actúa regularmente en recitais, especialmente no Festival de Pascua de Aix-en-Provence, pero tamén na Filharmónica de Berlín coa Berliner Symphoniker e no Carnegie Hall (Nova York).

Durante a temporada 2019/2020, puido escoitarse en *La Traviata* (Flora) na Ópera de París, *Le Roi Carotte* (Cunégonde) de Offenbach na Ópera Nacional de Lyon, o papel principal de *L'Enfant et les sortilèges* na Ópera de Limoges, *Le Comte Ory* (Isolier) de Rossini na Ópera de Metz, *L'incoronazione di Poppea* (Virtu, Damigella, Pallade) no Théâtre des Champs Elysées ou a *Schéhérazade* de Ravel coa Orchestre Philharmonique de Radio-France (director Mikko Franck).

Maciej Pikulski

Piano

É licenciado en piano, música de cámara e acompañamento vocal no Conservatorio Superior de Música de París, posteriormente admitido no ciclo de posgrao e gañador do Premio da Fundación France Telecom.

Discípulo de Dominique Merlet e Clive Britton (alumno de Claudio Arrau) Maciej Pikulski foi convidado a actuar como solista en Brasil, Uruguai, Rusia, India, Sri Lanka, Italia, Alemaña, España, Suíza, Polonia e Bélxica. Interpretou o gran repertorio de concertos para piano con orquestras francesas, belgas, inglesas, romanesas, italianas, polacas e brasileiras.

Maciej Pikulski realizou tres gravacións: o *Concerto núm. 2*, de Serguéi Rachmáninov, completado con obras de Liszt e Chopin; transcripcións de Franz Liszt de cancións de Schubert; e obras para piano tamén de Rachmáninov.

Foi elixido pola French Chopin Society para interpretar a parte de piano na reconstrución do último

concerto de Chopin en París. Tamén foi convidado a participar no conxunto integral de Sonatas de Mozart na quincena Musical de San Sebastián.

Como intérprete de música de cámara, Maciej Pikulski realizou dúas gravacións co violonchelista francés Raphael Chretien e interpretou concertos de música de cámara con prestixiosos músicos franceses.

É acompañante habitual de cantantes de prestixio: actuou con José van Dam (catro CDs e un DVD; recitais en Carnegie Hall, Lincoln Center, La Scala de Milán, Teatro Real de La Monnaie de Bruxelas, Concertgebouw de Amsterdam, Teatro Colón en Bos Aires, Théâtre des Champs Elysées en París, etc); Renée Fleming (DVD e recitais en Salle Pleyel de París, Musikverein Grosser Saal de Viena, Grand Theatre de Genève, Barbican Centre de Londres, Festspielhaus de Baden-Baden, Dublin Concert Hall, Rudolfinum de Praga, Auvers-Sur-Oise de

Francia); Thomas Hampson (CD de cancións francesas); Natalie Dessay e Laurent Naouri (recitais en Versalles, Burdeos, Toulouse, Montpellier, Xenebra e Sao Paulo); Dame Felicity Lott (recitais en Francia, Gran Bretaña, España e India); Maria Bayo (recitais en España, Francia e Xapón); Sumi Jo, Anna-Caterina Antonacci, Joseph Calleja, Christianne Stotijn, Patricia Petibon, Véronique Gens, Mireille Delunsch...

Maciej Pikulski imparte clases maxistras en China, Brasil, India, Bélxica, Holanda, no Conservatorio Superior de Música de París, Montpellier e Estrasburgo. É profesor titular no Conservatorio Superior de Música de San Sebastián (España).

A prensa destacou a súa “sensibilidade poética” (Globe and Mail, Toronto), a súa “poderosa técnica” (New York Times), e denominouno “músico magnífico” (Le Figaro) e “gran pianista” (Corriere della Sera).

MAURICE RAVEL (1875-1937)

Mélodies populaires grecques

Ravel creou estas pezas en 1904 a petición do musicólogo Pierre Aubry, con motivo dunha conferencia sobre música folclórica grega e armenia. As melodías populares foron elixidas por Michel-Dimitri Calvocoressi, e arranxadas por Ravel para voz e piano en poucos días. A colección recolle unha ampla variedade de tons emocionais na que cada peza incorpora elementos propios do estilo do autor e a súa época, sen perder o seu carácter tradicional.

Vocalise en forme de habanera

Orixinalmente composta para piano e voz de baixo en 1907, esta peza é testemuña dun momento no que a música hispana cativou as imaxinacións dos meirandes compositores europeos. Neste caso trátase dun exercicio de virtuosismo vocal sen texto, inspirado no ritmo da habanera.

LEO DELIBES (1836-1891)

Les filles de Cadix

Les filles de Cadix (1874) é unha mostra máis da fascinación exercida pola cultura hispana sobre os compositores franceses de finais do século XIX e comezos do XX. Nesta peza con texto do poeta Louis de Musset, o compositor de operetas e ballets Leo Delibes imprime o seu estilo compositivo lixeiro e teatral nun bolero de inspiración gaditana.

ERIC SATIE (1866-1925)

Gnossienne núm. 2, 3 e 4

—piano solo—

Satie compuxo as súas tres primeiras *gnossiennes* despois das *Troi sarabandes* de 1887 e as *Troi gymnopédies* de 1888, publicándose en 1893 e as tres restantes, en 1891, 1899 e 1897 mais non se editaron ata 1968. A sensación de intemporalidade e infinidade de cada peza ven da natureza cíclica destas, pois nunha escoita continua nunca se oíría claramente un principio ou un final. Satie compón melodías solitarias apoiadas en harmonías e estruturas de acordes pouco complexas, case elementais.

CLAUDE DEBUSSY (1862-1891)

Ariettes oubliées (extractos)

As cancións esquecidas son un ciclo de pezas para piano e voz compostos por Debussy entre Roma e París nos anos 1886 e 1887. Os textos que lles serven de inspiración son obra do poeta Paul Verlaine, cuxo traballo tivo un grande impacto sobre o desenvolvemento do estilo musical deste compositor. Neste ciclo pódese apreciar un esforzo compartido por acadar unha enorme sutileza a nivel emocional e tamén sensorial, no ritmo e o color. Estas pezas comezarían a definir a identidade artística e o estilo do Debussy maduro.

Mandoline

Mandoline foi composta por Debussy en 1882, e supón unha das súas primeiras composicións con texto de Verlaine. Nesta peza, o piano preséntase como unha mandolina, o que permite a Debussy facer gala da enorme orixinalidade que o seu tratamento deste instrumento pode acadar e que é marca de identidade da súa obra.

L'année en vain (Recitativo e aria de Lia, de *L'enfant prodigue*)
—piano solo—

O fillo pródigo é unha cantata con texto de Édouard Guinand. Estreada en París en 1884, valeulle ao seu compositor o prestixioso Premio de Roma e unha estada na Villa Medici que tería un grande impacto na súa carreira musical. Nesta aria, que abre a obra, unha muller lamenta a ausencia do seu fillo e rememora un pasado máis feliz canda el. No arranxo para piano pódese apreciar o contraste entre ambas emocións, mesmo sen o texto, xa que Debussy as plasma de xeito claro na harmonía e o ritmo.

ERNEST CHAUSSON (1855-1899)

Les temps des lilas

Composta en 1886 sobre un texto do poeta Maurice Bouchor, *Les temps de lilas* é quizais a canción máis coñecida de Chausson, para amosar a esencia da nostalxia polo que nos escapa co paso do tempo. Nesta canción pódese escoitar un patrón típico do compositor: un comezo de melancolía elexíaca, anguria e axitación na parte central,

e un retorno aos acordes iniciais, aínda máis inquietantes no final.

Le colibri

Amédée-Ernest Chausson foi unha das figuras prometedoras do Romanticismo francés, mais faleceu antes de poder desenvolver plenamente a súa obra. O seu estilo atópase a medio camiño entre o Romanticismo pleno e a música Impresionista, grazas ao eclecticismo das súas influencias. En “Le colibri” o compositor logra capturar a delicada suspensión desta ave no aire.

Chanson perpétuelle

Esta peza é unha das poucas grandes composicións para orquestra que Chausson chegou a completar na súa vida, e a última das súas obras, composta só un ano antes da súa morte. O texto é do poeta Charles Cros e expresa a dor crecente dunha muller que se ve abandonada polo seu amado e finalmente decide afogarse para liberarse do sufrimento. O tratamento vocal recorda a Wagner, mentres que a harmonía está emparentada co traballo de Debussy e os seus coetáneos.

FRANCIS POULENC (1899-1963)

Banalités (extractos)

As *Banalités* son un ciclo de cinco poemas do poeta vangardista Apollinaire, musicados por Poulenc en 1940 ao seu retorno do fronte na Segunda Guerra Mundial. Cada un deles evoca diferentes paisaxes e ambientes, e neles se combina a misteriosa linguaxe de Apollinaire cunha aproximación á composición máis sinxela por parte de Poulenc que dota ao ciclo de movemento e direccionalidade.

Les chemins de l'amour

Pecha o concerto *Les chemins de l'amour* (texto de Jean Anouilh), unha das obras de Poulenc que máis presentes están no repertorio actual. Trátase dun *valse chantée* ao estilo francés, orixinalmente composto en 1940 para a operetta *Léocadia*, en particular para unha das sopranos estrela dos escenarios do París ocupado, Yvonne Printemps. É unha obra emotiva na súa melancolía (“camiños do meu amor, búscovos sempre, camiños perdidos que xa non son...”), pero carismática e accesible.

Minia Monteagudo Vilavedra



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 4 de novembro, 20:30 h

MÚSICOS ERRANTES

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Marc-Leroy Calatayud, director

Esteban Batallán, trompeta

R. Strauss: Ariadna en Naxos:

Abertura e Danza

F. J. Haydn: Concerto de trompeta

en Mi bemol maior, Hob.VIIe

E. Batallán: Nightfall*

R. Strauss: Intermezzo, TrV 246, op. 72:

Catro interludios sinfónicos, TrV 246a

*Estrea absoluta

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Marc-Leroy Calatayud e Esteban Batallán

Xoves 18 de novembro, 20:30 h

O PEREGRINO

CINEUROPA

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Timothy Brock, director

The Pilgrim (1923) de Charles Chaplin

Música composta por C. Chaplin en 1959

e restaurada por T. Brock en 2002

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

